Beneficios da trazabilidade

Facendo unha boa trazabilidade dos lotes conseguimos:

1. Detectar posibles problemas que se produzan na seguridade alimentaria, delimitando deste xeito aqueles produtos implicados nalgún problema dos que non o están.

2. A actuación e reacción ante unha posible alerta moito máis rápida para evitar unha crise alimentaria.

3. Permite que os operadores alimentarios teñan unhas credenciais que dean prestixio ao seu establecemento e, polo tanto, confianza ás persoas consumidoras sobre os seus produtos.

Aprendo na casa...

Podemos as e os consumidores finais facer o seguemento dos produtos do mar que atopamos nos mercados ou peixerías? Para dar resposta a esta pregunta podes facer a seguinte actividade de investigación:

Organiza unha visita a unha peixería ou praza de abastos.
Unha vez alí elixe o peixe ou marisco que prefiras e busca a etiqueta de identificación. Se non a atopas podes pedirlla á persoa responsable do posto de venda, xa que é obrigatorio que a teñan.

Anota toda a información clasificada nas seguintes categorías:

1. **O buque da captura e o seu número de identificación.**
2. **Nome comercial e nome científico.**
3. **A data na que se fixo a captura e o peso en kg.**
4. **Os provedores.**
5. **Información para a persoa consumidora.**
6. **Indicacións de se o produto foi conxelado.**

U5

Trazabilidade no sector pesqueiro

Interreg Atlantic Area
European Regional Development Fund
EUROPEAN UNION
SEATRACES
Tras la pista del pescado

U5

A trazabilidade

A trazabilidade dun produto é a posibilidade de atopar e seguir o seu rastro en todas as etapas de produción, transformación e distribución. Pode seguirse todo o proceso tanto dun alimento en concreto como de penso, dun animal destinado á produción de alimentos ou dunha substancia destinada a ser incorporada noutros alimentos ou pensos ou que teña probabilidade de agregarse.



Trazabilidade ascendente:

Permite coñecer os produtos que entran, como se adquiriron e quen son os provedores.

Trazabilidade interna:

Permite facer un seguimento dos produtos dentro dunha instalación.

Trazabilidade descendente:

Permite identificar os produtos e como se entregan a cada cliente.

A trazabilidade no sector pesqueiro

Os lotes de peixe ou marisco deben contar con sistemas que permitan realizar a identificación e trazabilidade dos lotes.

Esta identificación debe incluír:



1. **O buque** da captura e o seu número de identificación.
2. **O código da FAO** (Organización de las Naciones Unidas para la Alimentación y la Agricultura) para cada especie capturada.
3. **A data** na que se fixo a captura e o peso en kg.
4. **Os provedores.**
5. **Información** para a persoa consumidora.
6. **Indicacións de se o produto foi conxelado.**

Con estes datos a persoa consumidora sabe o que merca con todas as garantías sanitarias e combátese a pesca ou marisqueo ilegal e a sobrepesca.



Que é un lote?

É a cantidade de peixe dunha especie que procede da mesma zona xeolóxica ou caladoiro, do mesmo buque ou que provén da mesma unidade de produción acuícola.